

ACTA DO COMITÉ ANTIFRAUDE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

2ª ACTA: SESIÓN 18 DE XULLO DO 2022. SALA Nº 2. 12.00 H.

Mediante correo do 13 de xullo de 2022, convocouse a 2ª sesión do Comité Antifraude da Universidade da Coruña (UDC), coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se proceder, do acta da sesión anterior. Achego borrador de acta.

2º.- Canle de Denuncia na UDC.

3º.- Actividades de difusión do Plan de Medidas Antifraude da UDC.

4º.- Decidir o cronograma dun Plan de Traballo para avanzar nas funcións deste comité previstas no punto terceiro da R. R. de creación deste comité.

5º.- Quenda aberta de intervencións.

Asistencia (segundo a orde establecida no apartado Primeiro da referenciada R. R.do 11-03-2022):

- Ramón del Valle López, xerente, presidente.
- Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.
- Salvador Naya Fernández, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia.
- Ramón Noguerol Gómez, vicexerente de Coordinación.
- Ana Lozano del Río, vicexerenta de Economía e Finanzas.
- Yolanda Calaza Parajes, vicexerenta de Investigación e dos AA EE da Investigación.
- Carlos Aymerich Cano, secretario xeral, secretario.

Trátanse os asuntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se proceder, do acta da sesión anterior. Achego borrador de acta.

Apróbase por unanimidade.

2º.- Canle de Denuncia na UDC.

Código Seguro De Verificación	FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	24/10/2022 16:44:48	
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	24/10/2022 12:49:01	
Observacións		Páxina	1/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Decídese elaborar unha normativa (regulamento) sobre o funcionamento da Canle de Denuncias da UDC.

3º.- Actividades de difusión do Plan de Medidas Antifraude da UDC.

Apróbase a realización dunha Xornada sobre Integridade Institucional. Esta xornada organizarase pola Xerencia da UDC e contará coa representación da universidade pública, administración pública galega, entidades locais, do ámbito empresarial e da empresa pública. Celebrarase no Paraninfo da UDC na primeira quincena de outubro.

No Proxecto do Plan de Formación do PAS para o 2º semestre de 2022, figura para a segunda quincena de setembro de 2022 a realización de tres actividades formativas presenciais (2 no campus da Coruña e 1 no campus de Ferrol) sobre os Fondos Next Generation UE, nas que se inclúe o tema da prevención da fraude.

4º.- Decidir o cronograma dun Plan de Traballo para avanzar nas funcións deste comité previstas no punto terceiro da R. R. de creación deste comité.

O comité considera que a primeira fase do Plan de Traballo rematou cos seguintes fitos:

- Constitución do Comité Antifraude o 27-04-2022.
- Creación e publicación na web da UDC da páxina web do Plan de Medidas Antifraude da UDC o 20-06-2022.

Para a segunda fase deste Plan de Traballo a desenvolver non segundo semestre de 2022, realizaranse os seguintes fitos:

- Actividades de difusión, segundo se explica no anterior punto da orde do día.
- Actualizar a Análise de Riscos da UDC e na fixación de Bandeiras Vermellas nas distintas áreas. Para cumprir este obxectivo constituiranse tres grupos de traballo no ámbito de cada unha das tres vicexerencias presentes neste comité. Estes grupos de traballo presentarán ao Comité un borrador no que se propoña a Metodoloxía a seguir para a avaliación de riscos e para fixación das bandeiras vermellas así como os resultados obtidos coa aplicación desa metodoloxía. O Comité decidirá e propondrá ao Consello de Goberno antes de remate do ano unha modificación do Plan de Medidas Antifraude da UDC.

Código Seguro De Verificación	FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	24/10/2022 16:44:48
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	24/10/2022 12:49:01
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5º.- Quenda aberta de intervencións.

Non hai intervencións neste punto da orde do día.

Remata a sesión ás 13.30 h do 18 de xullo de 2022.

Visto e prace
Presidente
Ramón del Valle

Dou fe
Secretario
Carlos Aymerich

Código Seguro De Verificación	FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	24/10/2022 16:44:48
	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	24/10/2022 12:49:01
Observacións			Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FwFupE6vy1Va2DaWeatzvA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

